

VIEIROS

Canal Verde

Xestionado pola [Federación Ecoloxista Galega](#)

20 antenas base detectadas na cidade así como das zonas sensíbeis

Que pasa coa telefonía mobil en Pontevedra

Mañá sábado 22 de Setembro, a Asociación Pola Defensa da Ría solicitará ao Concello de Pontevedra, vía rexistro, información detallada sobre as antenas base de telefonía móbil instaladas e en funcionamento na actualidade na nosa cidade que contan coa prescristíbel “Licencia Municipal”, necesaria para poder realizar a súa actividade. Esta petición continua o estudo desenvolvido e presentado por esta asociación aos medios de comunicación en xuño deste ano cun mapa das 20 antenas base detectadas na cidade así como das zonas sensíbeis afectadas (colexios, lugares de recreo, centros de maiores, centros sanitarios, ...). Todo iso enmárcase na preocupación polo aumento consecutivo dunha polución invisíbel como a da electrocontaminación, base da campaña informativa que a APDR está e seguirá levando durante este e os vindeiros meses.

APDR - 02:12 22/09/2007